Dende o ano 2018 as funcións e competencias en materia de formación, innovación e investigación deste centros formativos, son asumidos pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

Dende estes centros se ofertan cursos de formación regradas e non regradas, coñecidas tamén como formación continua. Dirixida a agricultores e gandeiros cunha compoñente práctica moi importante, así tamén cursos básicos ou de especialización dedicados ao sector agrogandeiro coa finalidade de adaptarse ás necesidades de cada momento.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que tipo de usos se están a facer destes centros de formación e experimentación agraria?

CSV: BOPSDEGA-TRXD09K0A9-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 17:32:24
Nº Rexistro: 11578
Data envio: 19/09/2024 17:32:24.162

Grupo Parlamentario Socialista

Santiago de Compostela, 19 de setembro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 19/09/2024 17:29:12

Carmen Rodríguez Dacosta na data 19/09/2024 17:29:24

CSV: BOPSDEGAT0KD0K5OR9-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 17:43:59
Nº Rexistro: 11586
Data envio: 19/09/2024 17:43:59.782

PARLAMENTO DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

Carmen Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, José Luis Ferro Iglesias, Victor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Raúl Santamaría González e Borja Verea Fraiz deputados e deputadas **do Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno .**

O audiovisual galego atravesa un dos seus mellores momentos, desenvolvendo importantes proxectos e incluso poñendo os ollos mais alá das nosas fronteiras. Motivo polo cal, as Medallas de Galicia de 2024 premiaron o traballo deste sector.

Luis Tosar, Zaza Ceballos e a Academia Galega do Audiovisual foron os premiados, máis detrás destes recoñecementos agóchase todo un sector que constitúe unha importante plataforma de promoción da nosa cultura e da nosa lingua, chegando a converterse nos últimos anos nunha importante fonte de riqueza e de xeración de emprego dentro da nosa Comunidade.

Tendo isto en conta, cómpre que a acción das administracións públicas axude de maneira decidida a seguir promocionando un sector en alza, a través de distintas iniciativas que permitan o seu crecemento progresivo e a súa internacionalización.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular, formulan a seguinte pregunta:

1.-Que axudas ten posto en marcha a Xunta de Galicia para o sector do audiovisual?

Santiago de Compostela, 19 de setembro 2024.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPSDRCGTE7BDXMLGR5-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 17:43:59
Nº Rexistro: 11586
Data envio: 19/09/2024 17:43:59.782

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado dixitalmente por:

Carmen Pomar Tojo na data 19/09/2024 17:37:30

José Luis Ferro Iglesias na data 19/09/2024 17:37:42

Víctor Baladrón Lamas na data 19/09/2024 17:37:51

Julio García Comesaña na data 19/09/2024 17:38:01

Patricia García González na data 19/09/2024 17:38:14

Dolores Hermelo Piñeiro na data 19/09/2024 17:38:29

Rubén Lorenzo Gómez na data 19/09/2024 17:38:41

Borja Verea Fraiz na data 19/09/2024 17:38:52

Raúl Santamaría González na data 19/09/2024 17:39:02

CSV: BOPSDEGTEZBDXMEGR-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 17:44:45
Nº Rexistro: 11590
Data envio: 19/09/2024 17:44:45.813

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández, **Paulo Ríos Santomé** e **Luis Bará Torres**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre os novos problemas nos desvíos viarios após a caída da LU-651 no Courel.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Após a caída da vía LU-651 hai máis de dous anos, a poboación da Serra do Courel vén sufrindo un prexuízo moi considerable por non poder circular con normalidade por unha estrada de vital importancia para esa zona do país.

Inexplicablemente, esta situación arrástrase durante dous anos, algo do que desde o BNG estamos certos que non acontecería se se tratase dunha cidade ou dunha vila máis poboada. Mais isto non é todo; hai meses a estrada LU-651 volveu ter erros estruturais polo que foi necesario fechala novamente, desviando todo o tránsito, incluído o transporte escolar, por unha estrada realmente perigosa e con tramos tremendamente estreitos e que mesmo pasan por debaixo de vivendas.

Nos últimos días, unha furgoneta ficou atrapada nun destes tramos provocando o corte do tráfico polo que toda a poboación do concello de Folgoso do Courel quedou atrapada. Por sorte, esta furgoneta non quedou atrapada durante os horarios do transporte escolar polo que non houbo que lamentar prexuízos neste ámbito. Mais, de novo, isto non é todo. O desvío está en tan mal estado que o luns día 16 de setembro un bus que transportaba crianzas ao colexio Poeta Uxío Novoneira rebentou un pneumático.

CSV: BOPGDE-B-20241-VOGR-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 17:44:45
Nº Rexistro: 11590
Data envio: 19/09/2024 17:44:45.813

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Urxe que a Xunta de Galiza actúe xa, sen escusas e sen desculpas, para arranxar dunha vez por todas a LU-651 e deixar de menosprezar a poboación da Serra do Courel.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Despois dos reiterados avisos e da pregunta en Pleno no Parlamento de Galiza por parte do BNG sobre o derrubamento da LU-651, como é posible que a situación continúe igual e cando ten pensado arranxar integramente a vía o Goberno galego?

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2024

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**
Paulo Ríos Santomé
Luis Bará Torres
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 19/09/2024 17:29:12

Luis Bará Torres na data 19/09/2024 17:29:16

CSV: BOPGDE-Tr1W0JVKGoR-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 17:44:45
Nº Rexistro: 11590
Data envio: 19/09/2024 17:44:45.813

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 19/09/2024 17:29:23

CSV: BOPSDBGaTrWzDVKGoR-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 18:07:45
Nº Rexistro: 11595
Data envio: 19/09/2024 18:07:45.686

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e **Olalla Rodil Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á valoración, conclusión e actuacións que vai impulsar o goberno galego coñecidos os datos respecto da evolución da violencia sexual en Galiza que recolle o "Informe sobre violencias sexuais 2023" remitido á Cámara Galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de setembro de 2024, o goberno galego remitía á Cámara Galega, en cumprimento da Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, o

"Informe sobre violencias sexuais 2023". Este informe é froito do consenso parlamentario e complementa o Informe Xeral sobre violencia para abordar con singularidade unha das formas de violencia machista contra as mulleres, que e á violencia sexual. Desta forma, permítenos ter unha análise histórica e abrir reflexións sobre a súa evolución e as actuacións que cómpre impulsar desde as distintas institucións.

Este informe recolle como os datos galegos seguen a tendencia rexistrada no ámbito do Estado: no ano 2023 aumentan os delitos sexuais rexistrados, na liña histórica que só se alterou na pandemia. A excepción é o delito de provocación, todo os demais aumentan. De forma específica, sinálase que os dous últimos anos os aumentos foron maiores, que agresión e abuso sexual e agresión e abuso sexual con penetración son os delitos máis numerosos e que, da mesma maneira que cos feminicidios, na análise por

CSV: BOPRSDBGPBs9D4K6EGR-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 18:07:45
Nº Rexistro: 11595
Data envio: 19/09/2024 18:07:45.686

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

meses, no conxunto do Estado hai estacionalidade, con máis delitos nos meses de verán. Porén, no ano 2023 en Galiza rómpese esta tendencia e os datos son máis homoxéneos, cun importante reponte no último trimestre. Canto aos lugares, maioritariamente as agresións son cometidas en "vivendas e anexos" (máis da metade dos delitos) aínda que se fai notar o aumento de delitos cometidos en "recintos e establecementos".

No que atinxe ao estudo das vitimizacións, 9 de cada 10 vítimas son mulleres. A fenda é menor nos delitos de provocación, pornografía de menores (aínda así, máis mulleres) e promoción prostitución novas tecnoloxías (novo delito). Por idades os homes son máis no tramo de menores de 13. Esta situación desminte con datos as posicións regresivas que a dereita está a impulsar no ámbito do Estado que busca vitimizar os homes e deslexitimar a violencia machista como algo estrutural e froito do patriarcado. Canto ao perfil dos agresores, un 93% son homes e cabe sinalar que delitos como o da prostitución contribúen a aumentar a porcentaxe de mulleres, que nalgunha tipoloxía delictiva é mesmo inexistente.

Cabe sinalar que, atendendo aos datos, no 2023 aumentan as vitimizacións de mulleres estranxeiras. Se no 2022 o 79,1% das vitimizacións son de persoas nacionais do Estado español, representando un 20,9% as vitimizacións de persoas estranxeiras, no 2023 as cifras son 73,80% e 26,20% respectivamente. Aumenta, tamén a porcentaxe de agresores estranxeiros, aínda que maioritariamente son de nacionalidade do Estado español.

A posición de Galiza respecto do Estado mantense nos índices dos últimos anos: se no 2022 representaba o 4.15% do total estatal e era a oitava comunidade autónoma con máis número de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual, no 2023 segue sendo a oitava do Estado cun 4,23%.

En Galiza ascende a cifra a 811 rexistros, 162 máis que o ano anterior (+20%), o maior número e o maior aumento de toda a serie histórica (desde 2016) e debemos ter

CSV: BOPISDBDGPBs9DdKEGR-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 18:07:45
Nº Rexistro: 11595
Data envio: 19/09/2024 18:07:45.686

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

en conta estimación de que só chegan a denunciarse un 20% das agresións que potencialmente se comenten. Como sinalabamos máis arriba, a diferenza doutros anos e a diferenza da tendencia no Estado, 2023 representa unha evolución trimestral bastante "equilibrada" entre os trimestres, pese a que os datos estatais si amosaban estacionalidade. Comparando os datos de 2023 coas cifras que xa coñecemos dos dous primeiros trimestres de 2024 que xa coñecemos, son cifras similares ás do 2023. No primeiro trimestres, 190 feitos coñecidos fronte a 191 e no segundo, 408 fronte a 405 no 2024.

Esta información estatística, e a súa comparativa, son importantes para coñecermos a dimensión crecente deste tipo de violencia machista, mais é preciso tamén afondar máis no aspecto cualitativo, recadando a información e impresións que poden darse en foros de participación e cooperación como nas Mesas interinstitucionais ou no Observatorio Galego contra a violencia machista.

Así mesmo, é preciso facer unha planificación dos recursos galegos para a atención da violencia sexual que sexa máis ambicioso, pois comparando os datos do Informe de 2023 cos anteriores a conclusión é clara: hai campañas que están xa esgotadas e compren ser revisadas para dar un novo impulso ou ser substituídas, como a de Agresións Off, e outros programas que, sendo moi importantes, requiren de ser reforzados para chegar a máis usuarias e usuarios porque malia aumentar os rexistros de violencia sexual, mantéñense conxelados en cifras similares ano a ano.

Galiza foi pioneira á hora de visibilizar a violencia sexual e conceptuala, con rango de lei, como unha forma de violencia machista e de dominación contra a muller. Adiantámonos á aprobación do Convenio de Istambul e ao Estado español, que demorou anos en ratificalo e máis dunha década en introducir legalmente esta conceptualización e comezar a arbitrar recursos que no noso país existen desde hai anos, como as axudas económicas.

CSV: BOPGD-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 18:07:45
Nº Rexistro: 11595
Data envio: 19/09/2024 18:07:45.686

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É, polo tanto, nun contexto de aumento do coñecemento da violencia sexual e de cuestionamento por parte da dereita máis reaccionaria, unha responsabilidade colectiva reforzar e mellorar os programas relacionados coa violencia sexual recollendo a aprendizaxe da experiencia e atendendo aos indicadores que hoxe coñecemos.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas de ampliación dos recursos vai impulsar o goberno galego para que as medidas de recuperación para as vítimas de violencia sexual cheguen a máis persoas?

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2024

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
Olalla Rodil Fernández
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 19/09/2024 18:05:40

Olalla Rodil Fernández na data 19/09/2024 18:06:43

CSV: BOPGDEPUTADOS-0000-0000-0000-0000-0000-0000-0000-0000-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 18:10:33
Nº Rexistro: 11603
Data envio: 19/09/2024 18:10:33.231

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás causas de que o 44% d@s profesionais que rematan a formación MIR non queden en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vimos de coñecer a través dun medio de comunicación que dos 350 Médic@s Interno Residente (MIR) que remataron a súa formación no Sergas no ano 2023 só quedaron 199, o 56%, polo que a cifra dos que marcharon é de 151.

Remataron 246 de especialidades hospitalarias é só quedaron 133, é dicir o 54%; e dos 104 que remataron Medicina de Familia, só continuaron 66, o 63%, marcharon o 37%.

Estes datos son demoledores, e poñen en evidencia o que vimos denunciando dende fai anos, que non chega con formar máis profesionais se logo non se fidelizan na sanidade pública. A información pon de manifesto, mais unha vez, a mentira permanente na que está instalado o Partido Popular, que na vez de tomar medidas para solucionar o déficit de profesionais na sanidade pública galega, pon todos os esforzos en crear un relato fraudulento das causas.

Non é suficiente con reclamar máis prazas, se @s profesionais no teñen condicións laborais dignas, se non se prestixia a sanidade pública, se non se establecen os criterios para que as ratios permitan unha atención de calidade.

O Partido Popular non planificou nin a curto, nin medio nin longo prazo, a pesares das moitas veces que lle advertimos do que ía acontecer se non tomaban medidas, levamos no BNG anos demandando medidas para garantir o relevo xeracional, dado o altísimo número de xubilacións que se ían producir e a resposta foi sempre caso omiso.

CSV: BOPGDSDBDGwDzBaBvuKSQR-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 18:10:33
Nº Rexistro: 11603
Data envio: 19/09/2024 18:10:33.231

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É imprescindíbel que a Xunta poña en marcha todas as actuacións que garantan crear as condicións para:

- Que se cubran todas as prazas de formación que se ofertan no MIR

- Non renuncien unha vez escollida

- Non se dean á fuga unha vez rematan a formación

É inaceptábel que o Sergas centre a solución en que @s mesm@s profesionais traballen máis horas, máis días e máis anos. @s profesionais non poden traballar nunhas condicións de continua emerxencia e a poboación precisa que teñan tempo e condicións para prestarlle unha atención sanitaria de calidade.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal coida que é a causa de que o 44% dos profesionais que remataron no ano 2023 a formación de Médic@s Intern@s Residentes (MIR) non quedaran en Galiza?

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2024

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Iria Carreira Pazos
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPSDBDGwDzBaBvUtSGR-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 18:10:33
Nº Rexistro: 11603
Data envio: 19/09/2024 18:10:33.231

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 19/09/2024 18:06:52

María Montserrat Prado Cores na data 19/09/2024 18:06:55

CSV: BOPSDBDGwDzBaBvUtSGR-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 17:22:30
Nº Rexistro: 11573
Data envio: 19/09/2024 17:22:30.876

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Olalla Rodil Fernández e **Montserrat Valcárcel Armesto,** deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as graves afirmacións feitas por parte do xefe de servizo de Pneumoloxía do HULA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vén de ser publicada nun xornal galego unha entrevista ao xefe de servizo de Pneumoloxía do HULA na que se fan unhas graves aseveracións. Nela, o señor Pérez de Llano mostra a súa preocupación polas múltiples queixas que se dan por parte do sector médico, desprezando as reclamacións efectuadas polos seus dereitos laborais coma a libranza das gardas, ou descualificando co termo de "baixistas profesionais". Todas estas afirmacións realízaas, segundo as súas palabras, pola preocupación que ten polas pacientes, mais desprezando o impacto que puidera ter sobre a atención que se lles proporciona por parte de persoal que non cumpre os descansos mínimos.

Estamos nunha grave situación na sanidade pública galega, na que pacientes e profesionais están a sufrir as consecuencias das políticas tomadas por parte do Partido Popular na Xunta de Galiza. Profesionais que padecen unha grande precariedade laboral en termos xerais, e que nos últimos anos están vendo como se suceden as ameazas contra os seus dereitos, con xornadas laborais alongadas e sobrecargadas, ou con denegación de permisos de vacacións ou días de libre disposición. E fronte a esta situación, vemos como desde unha xefatura de servizo, que cómpre lembrar que se trata dun cargo de responsabilidade, se aproveita a proxección pública para emitir mensaxes

CSV: BOPSDBDgvDb8GdKCR-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 17:22:30
Nº Rexistro: 11573
Data envio: 19/09/2024 17:22:30.876

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

claramente degradantes para as profesionais da sanidade pública galega, contrarias incluso a calquera recoñecemento dos dereitos laborais.

A estas alturas, varias centrais sindicais teñen amosado a súa indignación por estas declaracións, demandando accións por parte do Sergas e a Consellería de Sanidade. Indignación que desde o BNG compartimos, agravada pola inacción do goberno galego.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cando vai cesar ao xefe de servizo de Pneumoloxía do HULA?

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2024

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Montserrat Valcárcel Armesto
Olalla Rodil Fernández
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 19/09/2024 17:19:33

Montserrat Valcárcel Armesto na data 19/09/2024 17:20:49

CSV: BOPGDE-v1-bng-40055-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 17:22:30
Nº Rexistro: 11573
Data envio: 19/09/2024 17:22:30.876

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 19/09/2024 17:21:27

CSV: BOPISDBQyD6SGGKCR-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10674
Data envio: 08/09/2024 11:13:55.856
Data 08/09/2024 11:13

OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 3052,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"a postura do Goberno galego ante os informes negativos en relación coa modificación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal de Ence en Lourizan e a compatibilidade das novas instalacións coas previsións do Plan de ordenación do litoral"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"O procedemento que debe seguirse para a tramitación da modificación do Proxecto Sectorial indicado vén regulado no artigo 56 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, que establece que:

"1. Os instrumentos de ordenación do territorio poderán someterse ás seguintes alteracións respecto a o seu contido:

a) Modificación substancial: cando os cambios supoñan unha alteración xeral ou fundamental do devandito instrumento. En todo caso, terá o carácter de substancial a modificación que haxa de someterse ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria, e, no caso dos proxectos de interese autonómico non previstos, aquelas que afecten os aspectos que fundamentaron a declaración de interese autonómico.

Para a súa tramitación seguirase o mesmo procedemento previsto para a aprobación do instrumento de ordenación do territorio que se modifica substancialmente."

Pola súa parte, o procedemento de aprobación aparece recollido no artigo 54 da citada Lei. Concretamente, nos números 3 e 4 do dito artigo, establécese o seguinte

"3. A persoa promotora do instrumento de ordenación do territorio elaborará o estudo ambiental estratéxico, en atención aos criterios contidos no documento de alcance e de conformidade co contido esixible pola normativa vixente.

4. A persoa promotora elaborará a versión inicial do instrumento de ordenación do territorio tendo en conta o estudo ambiental estratéxico, procedendo a consellería tramitadora á súa aprobación inicial e someténdoo a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no «Diario Oficial de Galicia», nos boletíns oficiais da provincia correspondentes e na sede electrónica da Xunta de Galicia. O acceso á devandita sede poderá efectuarse a través do Portal de transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPSDRCGZ7mVDbVKfoR-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d75b78e2-b2f9-7fa7-5a83-2311242efd94

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 08/09/2024 11:13:38

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10674
Data envio: 08/09/2024 11:13:55.856

A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluídos un resumo executivo, o estudo ambiental estratéxico e un resumo non técnico do estudo ambiental estratéxico.

Igualmente, darase audiencia ás deputacións provinciais e ás entidades locais sobre as que incida o instrumento de ordenación do territorio, faranse as consultas previstas no documento de alcance e solicitaranse ás administracións públicas competentes os informes sectoriais preceptivos, sen prexuízo da solicitude noutro momento procedemental dos informes sectoriais que procedesen, de conformidade co previsto na súa normativa reguladora.

No caso dos proxectos de interese autonómico notificarase individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.

Simultaneamente ao trámite de información pública, haberá de solicitarse, no seu caso, informe ás empresas subministradoras sobre a suficiencia das infraestruturas e dos servizos existentes e previstos, que haberán de emitilo no prazo máximo dun mes.

Transcorrido o prazo de tres meses sen que se comunicaron os informes sectoriais autonómicos e municipais solicitados, entenderanse emitidos con carácter favorable."

No caso da modificación do Proxecto Sectorial de Incidencia Municipal-PIA de Ence en Lourizán, a súa información pública foi publicada no DOG do 29/02/2024 mediante o Anuncio do 21 de febreiro de 2024, da Secretaría Xeral de Industria, polo que se somete a información pública a modificación puntual número 1 do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para o asentamento industrial de Lourizán (Pontevedra), promovido por ENCE Energía y Celulosa, S.A.

Tal e como se indicou anteriormente, de acordo co procedemento previsto na normativa vixente, unha vez rematado o trámite de información pública e recibidos os informes sectoriais, por parte da Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético deuse traslado ao promotor das alegacións presentadas e dos informes recibidos, para que proceda a elaborar a proposta final do PIA segundo o indicado no punto 5 do artigo 54:

"5. Á vista do resultado dos trámites de audiencia e de información pública, así como dos informes emitidos, introduciranse as modificacións ou as correccións que procedan no instrumento tramitado e, no seu caso, no estudo ambiental estratéxico, elaborándose a proposta final do instrumento de ordenación do territorio.

No caso de que se introducisen modificacións que determinen un cambio substancial do documento inicialmente aprobado, abrirase un novo trámite de información pública."

CSV: BOPSDEGCYZMUDVKTQR-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d75b78e2-b2f9-7fa7-5a83-2311242efd94

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10674
Data envio: 08/09/2024 11:13:55.856

Polo tanto, co fin de cumprir a normativa vixente, o que cómpre é continuar coa tramitación do procedemento previsto, sen que se poida adiantar na actualidade o seu modo de finalización, co fin de garantir os principios de obxectividade e transparencia da actuación administrativa."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPSDEGA-202409-10674-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d75b78e2-b2f9-7fa7-5a83-2311242efd94

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10674
Data envio: 08/09/2024 11:13:55.856

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/09/2024 11:13:47

CSV: BOPSDBCGZmVGbKGgR-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 11:39:59
Nº Rexistro: 10708
Data envio: 09/09/2024 11:39:59.942
Data 09/09/2024 11:39

OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 4322,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"o estado en que está a tramitación do anunciado proxecto tractor consistente en crear un centro de economía circular e a participación que ten nel a Xunta de Galicia, Sogama, Sociedade Impulsa e a Sociedade Recursos de Galicia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"O proxecto denominado Centro de economía circular-Xestión de residuos para a súa transformación e valoración xurdiu no seo da Sociedade Impulsa Galicia, instrumento de colaboración público-privada que naceu para responder ao gran reto de transformación do tecido produtivo da Comunidade galega aproveitando a oportunidade dos fondos Next Generation.

De feito, o cometido de Impulsa Galicia é axilizar e facilitar a execución de todas as fases de proxectos industriais estratéxicos susceptibles de ser implantados en Galicia para xerar riqueza e emprego, acompañando aos socios líderes de cada un deles, e incorporándoos ao tecido empresarial galego.

Neste sentido, a actividade principal da sociedade é o impulso e desenvolvemento de proxectos empresariais estratéxicos con capacidade de dinamizar o cambio cara a unha Galicia máis verde e máis dixital. Este impulso lévase a cabo cunha serie de actuacións:

- Identificando oportunidades en Galicia.
- Captando investimentos.
- Conseguindo socios industriais.
- E promovendo a colaboración entre institucións públicas e privadas para acompañar o desenvolvemento dos proxectos.

CSV: BOPSDBCGCDaE0IVK5OR-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: 3849c998-a679-7e25-1c04-fa47d893a4f8

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 09/09/2024 11:39:56

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 11:39:59
Nº Rexistro: 10708
Data envio: 09/09/2024 11:39:59.942

Entre os proxectos identificados, detectouse a posibilidade de desenvolver o dito proxecto, transformando e valorizando residuos, continuándose unha fase de conceptualización por parte das compañías Naturgy, Repsol e Reganosa.

De forma global, en canto á xestión de residuos para toda Galicia, o proxecto non comezou a día de hoxe a súa tramitación. Polo tanto, por parte da Xunta de Galicia, non existe actualmente participación directa no dito proxecto, nin tampouco por parte da Sociedade Impulsa (máis aló da súa participación inicial nas primeiras fases de conceptualización), de SOGAMA ou da sociedade Recursos de Galicia.."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPARG-DOCG-DOCELEGAL-DOR-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: 3849c998-a679-7e25-1c04-fa47d893a4f8

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 11:39:59
Nº Rexistro: 10708
Data envio: 09/09/2024 11:39:59.942

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2024 11:39:59

CSV: BOPSDBCGCaEBIVK5QR-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 11:39:35
Nº Rexistro: 10705
Data envio: 09/09/2024 11:39:35.426
Data 09/09/2024 11:39

OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 4391,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **" a situación da oferta e a demanda de solo empresarial nos polígonos da área metropolitana de Ourense, as necesidades de mellora das súas comunicacións por estrada e por ferrocarril, así como sobre as actuacións que estima necesario desenvolver a Xunta de Galicia respecto desta cuestión"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"O Parque empresarial de O Pereiro de Aguiar levouse a cabo en distintas fases, rematándose en novembro de 2009 as obras de urbanización da última fase, denominada Polígono 2B. O Polígono 1 conta cunha superficie lucrativa de 164.662 m^2 e foi posto á venda arredor de 1996; o Polígono 2A conta cunha superficie lucrativa de 118.191,58 m^2 e foi posto á venda en xuño de 2005; mentres que o Polígono 2B inclúe unha superficie lucrativa de 82.883 m^2 e púxose á venda en outubro de 2008. O investimento total nas tres fases foi de 12.742.568€.

Na segunda modificación do Plan Sectorial de Ordenación de áreas empresariais de Galicia (en diante, PSOAEG), cuxa aprobación definitiva se produciu o 21/12/2023 (DOG 25/01/2024), inclúese a ampliación de este Parque Empresarial (código 32058014).

A ampliación do parque empresarial de O Pereiro de Aguiar está en marcha, cunha superficie prevista de 235.455 m^2. Con data 17/04/2023 Xestur licitou o servizo de redacción do plan estruturante de ordenación de solo empresarial (PEOSE) e os instrumentos de desenvolvemento e execución. Unha vez aprobada a modificación 2 do PSOAEG, o contrato adxudicouse o 30/01/2024 a Ordenación Territorial, Infraestruturas e Medio Ambiente SL (OTIMA).

Unha vez elaborado o borrador do PEOSE, con data 23/07/2024 solicitouse á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático o inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada.

CSV: BOPSDEGALICIA-FOR-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: 41310713-cd13-9ef8-6a76-1889171f39b6

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 09/09/2024 11:39:30

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 11:39:35
Nº Rexistro: 10705
Data envio: 09/09/2024 11:39:35.426

Por outra banda, Xestur está promovendo a actuación de ampliación de solo empresarial en San Cibrao das Viñas nos terreos da antiga ampliación do Parque Tecnolóxico de Galicia, actuación incluída no PXOM de San Cibrao das Viñas. Con data 30/04/2024 foi aprobada definitivamente a modificación do plan parcial co obxectivo da adaptación ao plan sectorial da rede viaria de Ourense, así como a reordenación do ámbito. O proxecto de urbanización tivo entrada no rexistro do concello de San Cibrao das Viñas con data 02/07/2024 para continuar a súa tramitación no concello.

Por outra parte, a central de transportes e mercancías e intermodal de Ourense foi executada en distintas fases. A fase I foi promovida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS) e a fase II por Xestur. A fase 3 está incluída no PSOAEG, os terreos están adquiridos polo IGVS. A "intermodal" é parte da Cidade do Transporte, aínda que está pendente de desenvolver.

A fase I foi posta á venda en xuño de 2005 (cun segundo concurso, deserto, en outubro de 2007). Na actualidade aplícase unha bonificación do 50% sobre o prezo das parcelas. A recepción da urbanización da primeira fase realizouse en abril de 2007. Non se realizou investimento posterior a abril de 2009. Dende 2015 vendéronse 6 parcelas (54.146 m^2). Están pendentes de venda 2 parcelas de equipamento (23.840 m^2).

Na fase 2 as obras foron recibidas en xuño de 2010 e posta á venda en marzo de 2011, e todas as súas parcelas están vendidas.

O Plan Sectorial vixente da rede viaria de Ourense e a súa área de influencia - aprobado por Acordo do Consello da Xunta de Galicia na data do 10/10/2014- inclúe dentro das súas actuacións a "Conexión Oeste PI San Cibrao", con código C-8, e cuxo trazado correspóndese coa conexión da glorieta G1 do CTMI coa rúa 2 do polígono de San Cibrao das Viñas.

En canto á conectividade coa rede viaria, o acceso principal de acordo coa planificación en materia de estradas do Estado correspóndese coa Rolda Este de Ourense. Foi planificada no Plan Sectorial da rede viaria de Ourense e a súa área de influencia como parte da Ronda Este de Ourense, e o Estado a asumiu na súa propia planificación (PITVI) para a súa execución.

Non obstante, o primeiro treito (A-52 – N-525) desta rolda, que mellorou significativamente o acceso aos parques empresariais, foi executado pola Xunta de Galicia coa obra "Vial de conexión da A-52 co polígono industrial de San Cibrao das Viñas, treito A-52 – N-525", cun investimento de 17.399.271,11 €, e financiamento FEDER 14/20.

Este vial rexistrou un tráfico en 2023 de 2.496 vehículos ao día, cunha alta proporción de vehículos pesados: un 18,6%.

CSV: BOPSDEGAL0000KF-QR-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/ CVE-PREPAR: 41310713-cd13-9ef8-6a76-1889171f39b6

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 11:39:35
Nº Rexistro: 10705
Data envio: 09/09/2024 11:39:35.426

A continuidade da Rolda Este foi proposta ao Estado para o seu financiamento con cargo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia dos fondos europeos Next Generation , no marco dunha liña de actuación de "Conexión de polígonos industriais e centros loxísticos coa Rede Transeuropea de Transporte". Esta posibilidade de financiamento foi rexeitada polo Estado. Unha oportunidade perdida, a pesar de ter un encaixe moi claro nos seus obxectivos, ao tratarse da conexión cun polígono industrial e zona loxística coa rede transeuropea de transporte por estrada (A-52). Corresponde por tanto ao Estado, de acordo coa súa planificación, financiar a continuidade desta Rolda Este."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

CSV: BOPARLDOC0000KFQR-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: 41310713-cd13-9ef8-6a76-1889171f39b6

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 11:39:35
Nº Rexistro: 10705
Data envio: 09/09/2024 11:39:35.426

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2024 11:39:35

CSV: BOPSDEGALICIA-QR-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10677
Data envio: 08/09/2024 11:14:31.652
Data 08/09/2024 11:14

OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 4847**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"o cumprimento da normativa de accesibilidade no proxecto previsto para a construción dunha glorieta na estrada AC-418 no núcleo de Malpica e a adquisición do compromiso de adaptalo ás necesidades de acceso ao CEIP O Milladoiro"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas** que ten o seguinte contido:

"De acordo cos datos de 2023 da rede de aforos das estradas autonómicas, os datos de tráfico son os seguintes: 8.830 veh/día entre Carballo e Buño, e 4.075 veh/día entre Buño e Malpica. Tamén de acordo con datos, neste caso o rexistro de sinistralidade da Dirección Xeral de Tráfico, non se identifica ningún treito de concentración de accidentes na AC-418.

En calquera caso, seguirase realizando un seguimento dos parámetros de funcionalidade da estrada autonómica AC-418 de cara a, no seu caso, adoptar medidas de mellora da seguridade e funcionalidade".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

CSV: BOPSDEGCOR-202409-DIAXRP-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: 51efb663-5273-7cf0-0167-aedf6fa250e8

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 08/09/2024 11:14:28

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10677
Data envio: 08/09/2024 11:14:31.652

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/09/2024 11:14:31

CSV: BOPSDBCGTjm01axf1PQR-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10678
Data envio: 08/09/2024 11:14:37.808
Data 08/09/2024 11:14

OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 4934,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"a situación en que se atopa a estrada PO-551 ao seu paso por Moaña e as accións de mellora que prevé desenvolver a Xunta de Galicia para a súa humanización e a garantía da seguridade viaria "**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, está a traballar para mellorar de modo moi intenso a rede viaria de titularidade autonómica na península do Morrazo, dando así cumprimento ao seu compromiso de mellorar a dita rede tras a finalización da conversión en autovía do corredor, na que se investiron 55 millóns de €.

Deste xeito, estase a rematar o desenvolvemento do Plan de Sendas da Comarca do Morrazo, co que a Xunta está a habilitar en estradas autonómicas 8 itinerarios peonís seguros, sostibles e integrados na paisaxe, en zonas seleccionadas segundo criterios técnicos.

Están rematadas as obras dos treitos Vilaseca–Lapamán da PO-551, Coirados–Pardavila e Pardavila – Cadro na PO-313 en Marín, Trasouto-Alto da Portela na PO-551 en Bueu, Bagüín - Seixo tamén na PO-551 en Marín e o treito A Moureira – Palmás en Moaña, que precisamente una Meira e Domaio a través da PO-551.

Neste momento, o Plan de Sendas está a ser obxecto dunha revisión na que se valorará a incorporación de novos treitos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPSDBEC-FtwMDXx4fQR-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: 458e9121-bb69-4e50-c110-19451f173396

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 08/09/2024 11:14:34

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10678
Data envio: 08/09/2024 11:14:37.808

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/09/2024 11:14:37

CSV: BOPGDE-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10679
Data envio: 08/09/2024 11:14:44.340
Data 08/09/2024 11:14

OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 4999,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"o estado da estrada OU-413, en Ourense, as eventuais solicitudes recibidas da veciñanza para a súa reparación e as actuacións realizadas ou previstas pola Xunta de Galicia para proceder ao seu acondicionamento"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O convenio asinado en 2008 entre a Xunta de Galicia e o concello de Ourense para a mellora en estradas autonómicas do concello de Ourense, entre as que que se contaban "Beirarrúas e mellora do firme na OU-413" (cruce Ou-402- Seminario) acordaba a transferencia da titularidade das rúas sobre as que se actuaba ao remata das obras ao concello de Ourense.

A pesares de ser a OU-413 unha vía sen funcionalidade como vial de comunicación autonómica e que debería ser reclamada polo Concello de Ourense para asumir a súa titularidade, e deste modo a súa conservación, non foi así.

Rematadas as obras, o concello non asumiu o compromiso da súa titularidade, e tampouco trasladou interese en facelo ao longo destes anos. Recentemente, dende a Asociación de Veciños do Barrio de Vistahermosa recibiuse escrito na AXI informando do mal estado de conservación da estrada. Aínda que o desexable houbera sido que o Concello asumira a titularidade, desde a AXI estase a valorar a redacción dun proxecto de mellora da conservación deste vial, así como do firme de outros viais autonómicos do concello de Ourense, para executar en 2025, volvendo a reclamar que, ao término das obras, sexa o Concello o que asuma a conservación deste vial."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPSDEG-b1mb01-047-0R-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: 03ee3631-57d7-cb16-4cd8-a42b5a31d906

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 08/09/2024 11:14:41

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10679
Data envio: 08/09/2024 11:14:44.340

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/09/2024 11:14:44

CSV: BOPSDEGALICIA-mf0ZR-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10680
Data envio: 08/09/2024 11:14:50.715
Data 08/09/2024 11:14

OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 5140,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"as previsións que ten o Goberno galego no que atinxe á construción no norte de Pontevedra da vía de conexión entre a estrada de Vilagarcía e a de Santiago coñecida como variante de Alba "**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A variante de Alba é unha estrada planificada no norte do concello de Pontevedra para unir a estrada autonómica PO-531 (estrada Pontevedra – Vilagarcía) coa estrada nacional N-550 (Estrada A Coruña – Tui)

Esta funcionalidade préstaa a día de hoxe a estrada PO-225, que soporta un importante tráfico cunha sección insuficiente, con moitas vivendas, co gálibo limitado por un paso baixo o Ferrocarril (xa quedaron atrapados varios camións) e que coincide o Camiño de Santiago. Para os peóns e peregrinos, a situación mellorou moito coa obra dunha senda executada pola Xunta no ano 2020.

A Xunta de Galicia redactou un proxecto de trazado e someteuse a información pública o 25/06/2019. Das alegacións recibidas e o informe do concello de Pontevedra concluíuse que non era un trazado de consenso, e non se continuou coa tramitación. Para tratar de avanzar, avaliáronse medidas de mellora do treito da PO-531 no que se atopa o colexio público de Campañó. Este proxecto de medidas compensatorias está aprobado e licitada a execución da obra cun investimento de 885.500,34 €. Na última reunión entre o Presidente da Xunta e o Alcalde de Pontevedra desbloqueouse a situación, cun deseño de consenso, que quedaba pendente do visto bo formal do Ministerio de Transportes ao punto de entronque coa N-550, ou no seu caso a un cambio de titularidade do treito desta estrada Nacional para facilitar a tramitación. En canto se confirme, a Xunta de Galicia preparará os pregos para a redacción do novo proxecto."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPSDEG-ITM0DVK5OR-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: 9d773418-6a75-10f7-e4e5-42e6736a6f47

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 08/09/2024 11:14:47

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10680
Data envio: 08/09/2024 11:14:50.715

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/09/2024 11:14:50

CSV: BOPS0BOG-IT6ND7KG-QR-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 10834
Data envio: 10/09/2024 14:54:55.543
Data 10/09/2024 14:54

OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 5828,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Ariadna Fernández González, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"o orzamento dedicado desde 2019 á Estratexia galega para a infancia e adolescencia e a data en que se levou a cabo a súa última actualización "**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O Comité dos Dereitos do Neno da ONU publicou en 2018 o documento "Observacións finais sobre os informes periódicos quinto e sexto combinados en España dirixidas ás Comunidades e Cidades Autónomas". Este informe, se ben recoñece os avances realizados en España en relación ás medidas de seguimento adoptadas e os progresos realizados, establece a necesidade de introducir unha serie de melloras.

Neste sentido, indícase a necesidade de "adoptar un criterio baseado nos dereitos do neno a hora de elaborar os orzamentos públicos nos que se especifiquen claramente as asignacións para os nenos e nenas, con inclusión de indicadores específicos e dun sistema de seguimento que permita supervisar e avaliar a adecuación, eficiencia e equidade da distribución de recursos asignados para a aplicación da Convención".

Atendendo a esta indicación, a Xunta de Galicia foi pioneira en España en desenvolver un traballo de cuantificación e análise dos recursos dirixidos á infancia e á adolescencia a través dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma, traballo que se vén realizando desde 2019, o que permite a análise do noso orzamento como unha ferramenta para a protección, incremento e mellora da eficacia e eficiencia dos recursos destinados aos nenos e nenas.

Polo tanto, dende o ano 2019 dispón duns orzamentos en clave de infancia, sendo a primeira Comunidade Autónoma que executou as recomendacións internacionais nesta materia e que nos permiten analizar a porcentaxe que supón o gasto en infancia e adolescencia nos Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia en 2024, que é do 29,4%, o que representa en termos absolutos máis de 3.800 millóns de euros.

CSV: BOPSDBCPLJTRGUKF-OR-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: 8b962ad1-e824-3b12-4c48-5f631bb67151

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 10/09/2024 14:54:51

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 10834
Data envio: 10/09/2024 14:54:55.543

Neste importe figuran medidas de impacto directo na infancia adoptadas pola Xunta de Galicia que teñen sido pioneiras en España, e que están sendo imitadas por outras comunidades autónomas, como por exemplo o programa de gratuidade no primeiro ciclo de Educación Infantil, que beneficia a milleiros de familias galegas que utilizan as escolas infantís 0-3; a Tarxeta Benvida, para que as familias afronten os primeiros gastos que supón a chegada dun bebé ao fogar; ou a rede de casas-niño implantada polo territorio rural de Galicia."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPSDBCPLmr6UKF-OR-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: 8b962ad1-e824-3b12-4c48-5f631bb67151

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 10834
Data envio: 10/09/2024 14:54:55.543

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/09/2024 14:54:55

CSV: BOPSDBCPJmtaUKF-QR-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 10833
Data envio: 10/09/2024 14:54:47.715
Data 10/09/2024 14:54

OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 5936,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **" os resultados acadados nestes dous últimos anos coa inclusión de pacientes psiquiátricos nas residencias de maiores e as características do novo modelo que quere pór en marcha a Xunta de Galicia "**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade** que ten o seguinte contido:

"A normativa vixente contempla o ingreso de persoas con patoloxías crónicas nunha residencia, e que se realiza compaxinando a súa correcta atención co benestar dos demais usuarios.

Os casos de persoas menores de 65 anos que ingresan nunha residencia de maiores responden, fundamentalmente, a situacións de emerxencia social.

A normativa vixente contempla o ingreso destas persoas nunha residencia, que se realiza compaxinando a súa correcta atención e o benestar dos demais usuarios.

Cada ingreso en residencia vén ditaminado por un equipo de valoración multidisciplinar que decide, atendendo á normativa vixente, cal é o recurso idóneo para cada persoa.

En todo caso, estes ingresos realízanse compaxinando a súa correcta atención e o benestar dos demais usuarios.

O novo modelo de residencias de Galicia inclúe a creación de unidades psicoxeriátricas especializadas tendo en conta os cambios que acontecen no envellecemento e a forma de presentación das diferentes patoloxías.

CSV: BOPSDEG-xqtqm2ixdkf0-R-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: 2431eff7-7ac7-f0c9-6d15-aa707f3c4159

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 10/09/2024 14:54:44

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 10833
Data envio: 10/09/2024 14:54:47.715

Cómpre desestigmatizar ás persoas con algún problema de saúde mental se queremos apostar por unha verdadeira atención integral e integrada.

A Xunta, ante unha cuestión tan común nos nosos días, avoga pola atención, a concienciación e a sensibilización e sobre todo pola inclusión. A carteira de servizos para a atención á dependencia inclúe programas específicos para a atención psicosocial.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

CSV: BOPSDBCq-TD7QXdK-FGR-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: 2431eff7-7ac7-f0c9-6d15-aa707f3c4159

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 10833
Data envio: 10/09/2024 14:54:47.715

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/09/2024 14:54:47

CSV: BOPGDE-qTDPXDxdKFGR-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 10832
Data envio: 10/09/2024 14:54:40.277
Data 10/09/2024 14:54

OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 5947,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"as listas de espera para a valoración do grao en dependencia e o traballo da Xunta de Galicia coas entidades sociais co fin de mellorar os servizos ás persoas dependentes con grao recoñecido "**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade** que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego ten o firme compromiso de seguir acurtando a espera aos galegos que agardan por un servizo, por iso, aprobamos un novo decreto que axiliza o procedemento e reduce a papelame. E **reforzamos os equipos de valoración**, coa incorporación de máis profesionais e a creación de novos equipos.

Estamos dando grandes avances pero é necesario que o Goberno central cumpra coa Lei de Dependencia e financie o 50% que corresponde, non só o 30%.

Aínda sen apoio do Executivo central, nos últimos tres anos o Goberno galego foi quen de incrementar nun 30% o número de expedientes resoltos. E reducimos ata o 2% a lista de espera, oito puntos por debaixo da media nacional.

É importante indicar que dende a Consellería de Política Social e Igualdade hai un diálogo continuo cos servicios sociais de base e coas entidades sociais, que son sen dubida a primeira porta a que ten que acudir a cidadanía, con información continúa a través do MATIASS".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPSDEG-35ln90pnKF0R-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: 19af3aa2-80e3-75b4-1146-6e49efc86ba9

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 10/09/2024 14:54:36

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 10832
Data envio: 10/09/2024 14:54:40.277

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/09/2024 14:54:40

CSV: BOPSDBCG35mS9qvKfQR-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10676
Data envio: 08/09/2024 11:14:25.652
Data 08/09/2024 11:14

OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 3054**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a postura do Goberno galego ante os informes negativos en relación coa modificación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal de Ence en Lourizan"** convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria** que ten o seguinte contido:

"O procedemento que debe seguirse para a tramitación da modificación do Proxecto Sectorial indicado vén regulado no artigo 56 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, que establece que:

"1. Os instrumentos de ordenación do territorio poderán someterse ás seguintes alteracións respecto a o seu contido:

a) Modificación substancial: cando os cambios supoñan unha alteración xeral ou fundamental do devandito instrumento. En todo caso, terá o carácter de substancial a modificación que haxa de someterse ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria, e, no caso dos proxectos de interese autonómico non previstos, aquelas que afecten os aspectos que fundamentaron a declaración de interese autonómico.

Para a súa tramitación seguirase o mesmo procedemento previsto para a aprobación do instrumento de ordenación do territorio que se modifica substancialmente."

Pola súa parte, o procedemento de aprobación aparece recollido no artigo 54 da citada Lei. Concretamente, nos números 3 e 4 do dito artigo, establécese o seguinte

"3. A persoa promotora do instrumento de ordenación do territorio elaborará o estudo ambiental estratéxico, en atención aos criterios contidos no documento de alcance e de conformidade co contido esixible pola normativa vixente.

4. A persoa promotora elaborará a versión inicial do instrumento de ordenación do territorio tendo en conta o estudo ambiental estratéxico, procedendo a consellería tramitadora á súa aprobación inicial e someténdoo a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no «Diario Oficial de Galicia», nos boletíns oficiais da provincia correspondentes e na sede electrónica da Xunta de Galicia. O acceso á devandita sede poderá efectuarse a través do Portal de transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPRSDBCq7hnWDxKG6R-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: 704379e2-c3e7-0be1-9a92-b010730baee2

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 08/09/2024 11:14:22

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10676
Data envio: 08/09/2024 11:14:25.652

A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluídos un resumo executivo, o estudo ambiental estratéxico e un resumo non técnico do estudo ambiental estratéxico.

Igualmente, darase audiencia ás deputacións provinciais e ás entidades locais sobre as que incida o instrumento de ordenación do territorio, faranse as consultas previstas no documento de alcance e solicitaranse ás administracións públicas competentes os informes sectoriais preceptivos, sen prexuízo da solicitude noutro momento procedemental dos informes sectoriais que procedesen, de conformidade co previsto na súa normativa reguladora.

No caso dos proxectos de interese autonómico notificarase individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.

Simultaneamente ao trámite de información pública, haberá de solicitarse, no seu caso, informe ás empresas subministradoras sobre a suficiencia das infraestruturas e dos servizos existentes e previstos, que haberán de emitilo no prazo máximo dun mes.

Transcorrido o prazo de tres meses sen que se comunicaron os informes sectoriais autonómicos e municipais solicitados, entenderanse emitidos con carácter favorable."

No caso da modificación do Proxecto Sectorial de Incidencia Municipal-PIA de Ence en Lourizán, a súa información pública foi publicada no DOG do 29/02/2024 mediante o Anuncio do 21 de febreiro de 2024, da Secretaría Xeral de Industria, polo que se somete a información pública a modificación puntual número 1 do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para o asentamento industrial de Lourizán (Pontevedra), promovido por ENCE Energía y Celulosa, S.A.

Tal e como se indicou anteriormente, de acordo co procedemento previsto na normativa vixente, unha vez rematado o trámite de información pública e recibidos os informes sectoriais, por parte da Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético deuse traslado ao promotor das alegacións presentadas e dos informes recibidos, para que proceda a elaborar a proposta final do PIA segundo o indicado no punto 5 do artigo 54:

"5. Á vista do resultado dos trámites de audiencia e de información pública, así como dos informes emitidos, introduciranse as modificacións ou as correccións que procedan no instrumento tramitado e, no seu caso, no estudo ambiental estratéxico, elaborándose a proposta final do instrumento de ordenación do territorio.

No caso de que se introducisen modificacións que determinen un cambio substancial do documento inicialmente aprobado, abrirase un novo trámite de información pública."

CSV: BOPGDSDBCq7bnWDbXK5-R-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: 704379e2-c3e7-0be1-9a92-b010730baee2

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10676
Data envio: 08/09/2024 11:14:25.652

Polo tanto, co fin de cumprir a normativa vixente, o que cómpre é continuar coa tramitación do procedemento previsto, sen que se poida adiantar na actualidade o seu modo de finalización, co fin de garantir os principios de obxectividade e transparencia da actuación administrativa."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

CSV: BOPSDBCq7bnWDbXK5-0R-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: 704379e2-c3e7-0be1-9a92-b010730baee2

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10676
Data envio: 08/09/2024 11:14:25.652

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/09/2024 11:14:25

CSV: BOPISDBDQ7hnWDsYKj5QR-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 11:39:45
Nº Rexistro: 10706
Data envio: 09/09/2024 11:39:45.348
Data 09/09/2024 11:39

OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 4324** , formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o estado en que está a tramitación do proxecto tractor anunciado hai catro anos consistente en crear un centro de economía circular"** convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria** que ten o seguinte contido:

"O proxecto denominado Centro de economía circular-Xestión de residuos para a súa transformación e valoración xurdiu no seo da Sociedade Impulsa Galicia, instrumento de colaboración público-privada que naceu para responder ao gran reto de transformación do tecido produtivo da Comunidade galega aproveitando a oportunidade dos fondos Next Generation.

De feito, o cometido de Impulsa Galicia é axilizar e facilitar a execución de todas as fases de proxectos industriais estratéxicos susceptibles de ser implantados en Galicia para xerar riqueza e emprego, acompañando aos socios líderes de cada un deles, e incorporándoos ao tecido empresarial galego.

Neste sentido, a actividade principal da sociedade é o impulso e desenvolvemento de proxectos empresariais estratéxicos con capacidade de dinamizar o cambio cara a unha Galicia máis verde e máis dixital. Este impulso lévase a cabo cunha serie de actuacións:

- Identificando oportunidades en Galicia.
- Captando investimentos.
- Conseguindo socios industriais.
- E promovendo a colaboración entre institucións públicas e privadas para acompañar o desenvolvemento dos proxectos.

CSV: BOPSDEGIGRGDXKFGR-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: c8732a91-a858-bd67-ef25-56b5eaa7aa63

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 09/09/2024 11:39:41

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 11:39:45
Nº Rexistro: 10706
Data envio: 09/09/2024 11:39:45.348

Entre os proxectos identificados, detectouse a posibilidade de desenvolver o dito proxecto, transformando e valorizando residuos, continuándose unha fase de conceptualización por parte das compañías Naturgy, Repsol e Reganosa.

De forma global, en canto á xestión de residuos para toda Galicia, o proxecto non comezou a día de hoxe a súa tramitación. Polo tanto, por parte da Xunta de Galicia, non existe actualmente participación directa no dito proxecto, nin tampouco por parte da Sociedade Impulsa (máis aló da súa participación inicial nas primeiras fases de conceptualización), de SOGAMA ou da sociedade Recursos de Galicia."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

CSV: BOPSDEG-20241007-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: c8732a91-a858-bd67-ef25-56b5eaa7aa63

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 11:39:45
Nº Rexistro: 10706
Data envio: 09/09/2024 11:39:45.348

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2024 11:39:45

CSV: BOPSDEGAIGRGEXKFGR-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10774
Data envio: 10/09/2024 09:09:45.594
Data 10/09/2024 09:09

OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 4390**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración da influencia no desenvolvemento industrial e empresarial de Ourense da carencia de solo empresarial e da demora na execución de infraestruturas relacionadas"** convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria** que ten o seguinte contido:

"O Parque empresarial de O Pereiro de Aguiar levouse a cabo en distintas fases, rematándose en novembro de 2009 as obras de urbanización da última fase, denominada Polígono 2B. O Polígono 1 conta cunha superficie lucrativa de 164.662 m^2 e foi posto á venda arredor de 1996; o Polígono 2A conta cunha superficie lucrativa de 118.191,58 m^2 e foi posto á venda en xuño de 2005; mentres que o Polígono 2B inclúe unha superficie lucrativa de 82.883 m^2 e púxose á venda en outubro de 2008. O investimento total nas tres fases foi de 12.742.568€.

Na segunda modificación do Plan Sectorial de Ordenación de áreas empresariais de Galicia (en diante, PSOAEG), cuxa aprobación definitiva se produciu o 21/12/2023 (DOG 25/01/2024), inclúese a ampliación de este Parque Empresarial (código 32058014).

A ampliación do parque empresarial de O Pereiro de Aguiar está en marcha, cunha superficie prevista de 235.455 m^2. Con data 17/04/2023 Xestur licitou o servizo de redacción do plan estruturante de ordenación de solo empresarial (PEOSE) e os instrumentos de desenvolvemento e execución. Unha vez aprobada a modificación 2 do PSOAEG, o contrato adxudicouse o 30/01/2024 a Ordenación Territorial, Infraestruturas e Medio Ambiente SL (OTIMA).

Unha vez elaborado o borrador do PEOSE, con data 23/07/2024 solicitouse á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático o inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada.

CSV: BOPSUBCAT0000100001:7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: 0423c8d0-8833-3600-3ae9-b6d232d49716

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 10/09/2024 09:09:41

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10774
Data envio: 10/09/2024 09:09:45.594

Por outra banda, Xestur está promovendo a actuación de ampliación de solo empresarial en San Cibrao das Viñas nos terreos da antiga ampliación do Parque Tecnolóxico de Galicia, actuación incluída no PXOM de San Cibrao das Viñas. Con data 30/04/2024 foi aprobada definitivamente a modificación do plan parcial co obxectivo da adaptación ao plan sectorial da rede viaria de Ourense, así como a reordenación do ámbito. O proxecto de urbanización tivo entrada no rexistro do concello de San Cibrao das Viñas con data 02/07/2024 para continuar a súa tramitación no concello.

Por outra parte, a central de transportes e mercancías e intermodal de Ourense foi executada en distintas fases. A fase I foi promovida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS) e a fase II por Xestur. A fase 3 está incluída no PSOAEG, os terreos están adquiridos polo IGVS. A "intermodal" é parte da Cidade do Transporte, aínda que está pendente de desenvolver.

A fase I foi posta á venda en xuño de 2005 (cun segundo concurso, deserto, en outubro de 2007). Na actualidade aplícase unha bonificación do 50% sobre o prezo das parcelas. A recepción da urbanización da primeira fase realizouse en abril de 2007. Non se realizou investimento posterior a abril de 2009. Dende 2015 vendéronse 6 parcelas (54.146 m^2). Están pendentes de venda 2 parcelas de equipamento (23.840 m^2).

Na fase 2 as obras foron recibidas en xuño de 2010 e posta á venda en marzo de 2011, e todas as súas parcelas están vendidas.

O Plan Sectorial vixente da rede viaria de Ourense e a súa área de influencia - aprobado por Acordo do Consello da Xunta de Galicia na data do 10/10/2014- inclúe dentro das súas actuacións a "Conexión Oeste PI San Cibrao", con código C-8, e cuxo trazado correspóndese coa conexión da glorieta G1 do CTMI coa rúa 2 do polígono de San Cibrao das Viñas.

En canto á conectividade coa rede viaria, o acceso principal de acordo coa planificación en materia de estradas do Estado correspóndese coa Rolda Este de Ourense. Foi planificada no Plan Sectorial da rede viaria de Ourense e a súa área de influencia como parte da Ronda Este de Ourense, e o Estado a asumiu na súa propia planificación (PITVI) para a súa execución.

Non obstante, o primeiro treito (A-52 – N-525) desta rolda, que mellorou significativamente o acceso aos parques empresariais, foi executado pola Xunta de Galicia coa obra "Vial de conexión da A-52 co polígono industrial de San Cibrao das Viñas, treito A-52 – N-525", cun investimento de 17.399.271,11 €, e financiamento FEDER 14/20.

Este vial rexistrou un tráfico en 2023 de 2.496 vehículos ao día, cunha alta proporción de vehículos pesados: un 18,6%.

CSV: BOPSDEGA-b0pxsd-20240910-PR:7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: 0423c8d0-8833-3600-3ae9-b6d232d49716

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10774
Data envio: 10/09/2024 09:09:45.594

A continuidade da Rolda Este foi proposta ao Estado para o seu financiamento con cargo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia dos fondos europeos Next Generation , no marco dunha liña de actuación de "Conexión de polígonos industriais e centros loxísticos coa Rede Transeuropea de Transporte". Esta posibilidade de financiamento foi rexeitada polo Estado. Unha oportunidade perdida, a pesar de ter un encaixe moi claro nos seus obxectivos, ao tratarse da conexión cun polígono industrial e zona loxística coa rede transeuropea de transporte por estrada (A-52). Corresponde por tanto ao Estado, de acordo coa súa planificación, financiar a continuidade desta Rolda Este. "

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPARLDOCA000100:PDF:7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: 0423c8d0-8833-3600-3ae9-b6d232d49716

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10774
Data envio: 10/09/2024 09:09:45.594

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/09/2024 9:09:45

CSV: BOPSDTBOGAA5ng0gxTRFQR1-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10675
Data envio: 08/09/2024 11:14:17.387
Data 08/09/2024 11:14

OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 3053,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"a postura do Goberno galego ante os informes negativos en relación coa modificación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal de Ence en Lourizan e a compatibilidade das novas instalacións coas previsións do Plan de ordenación do litoral"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria** que ten o seguinte contido:

"O procedemento que debe seguirse para a tramitación da modificación do Proxecto Sectorial indicado vén regulado no artigo 56 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, que establece que:

"1. Os instrumentos de ordenación do territorio poderán someterse ás seguintes alteracións respecto a o seu contido:

a) Modificación substancial: cando os cambios supoñan unha alteración xeral ou fundamental do devandito instrumento. En todo caso, terá o carácter de substancial a modificación que haxa de someterse ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria, e, no caso dos proxectos de interese autonómico non previstos, aquelas que afecten os aspectos que fundamentaron a declaración de interese autonómico.

Para a súa tramitación seguirase o mesmo procedemento previsto para a aprobación do instrumento de ordenación do territorio que se modifica substancialmente."

Pola súa parte, o procedemento de aprobación aparece recollido no artigo 54 da citada Lei. Concretamente, nos números 3 e 4 do dito artigo, establécese o seguinte

"3. A persoa promotora do instrumento de ordenación do territorio elaborará o estudo ambiental estratéxico, en atención aos criterios contidos no documento de alcance e de conformidade co contido esixible pola normativa vixente.

CSV: BOPSDEGA-Ubz20x44FA0R-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: 6c3b6ae8-b9d1-f860-85b9-78656834f7d8

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 08/09/2024 11:14:13

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10675
Data envio: 08/09/2024 11:14:17.387

4. A persoa promotora elaborará a versión inicial do instrumento de ordenación do territorio tendo en conta o estudo ambiental estratéxico, procedendo a consellería tramitadora á súa aprobación inicial e someténdoo a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no «Diario Oficial de Galicia», nos boletíns oficiais da provincia correspondentes e na sede electrónica da Xunta de Galicia. O acceso á devandita sede poderá efectuarse a través do Portal de transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia.

A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluídos un resumo executivo, o estudo ambiental estratéxico e un resumo non técnico do estudo ambiental estratéxico.

Igualmente, darase audiencia ás deputacións provinciais e ás entidades locais sobre as que incida o instrumento de ordenación do territorio, faranse as consultas previstas no documento de alcance e solicitaranse ás administracións públicas competentes os informes sectoriais preceptivos, sen prexuízo da solicitude noutro momento procedemental dos informes sectoriais que procedesen, de conformidade co previsto na súa normativa reguladora.

No caso dos proxectos de interese autonómico notificarase individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.

Simultaneamente ao trámite de información pública, haberá de solicitarse, no seu caso, informe ás empresas subministradoras sobre a suficiencia das infraestruturas e dos servizos existentes e previstos, que haberán de emitilo no prazo máximo dun mes.

Transcorrido o prazo de tres meses sen que se comunicaron os informes sectoriais autonómicos e municipais solicitados, entenderanse emitidos con carácter favorable."

No caso da modificación do Proxecto Sectorial de Incidencia Municipal-PIA de Ence en Lourizán, a súa información pública foi publicada no DOG do 29/02/2024 mediante o Anuncio do 21 de febreiro de 2024, da Secretaría Xeral de Industria, polo que se somete a información pública a modificación puntual número 1 do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para o asentamento industrial de Lourizán (Pontevedra), promovido por ENCE Energía y Celulosa, S.A.

Tal e como se indicou anteriormente, de acordo co procedemento previsto na normativa vixente, unha vez rematado o trámite de información pública e recibidos os informes sectoriais, por parte da Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético deuse traslado ao promotor das alegacións presentadas e dos informes recibidos, para que proceda a elaborar a proposta final do PIA segundo o indicado no punto 5 do artigo 54:

"5. Á vista do resultado dos trámites de audiencia e de información pública, así como dos informes emitidos, introduciranse as modificacións ou as correccións que procedan no instrumento tramitado e, no seu caso, no estudo ambiental estratéxico, elaborándose a proposta final do instrumento de ordenación do territorio.

CSV: BOPISDBCGTbs20x44FA0R-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: 6c3b6ae8-b9d1-f860-85b9-78656834f7d8

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10675
Data envio: 08/09/2024 11:14:17.387

No caso de que se introducisen modificacións que determinen un cambio substancial do documento inicialmente aprobado, abrirase un novo trámite de información pública."

Polo tanto, co fin de cumprir a normativa vixente, o que cómpre é continuar coa tramitación do procedemento previsto, sen que se poida adiantar na actualidade o seu modo de finalización, co fin de garantir os principios de obxectividade e transparencia da actuación administrativa. "

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

CSV: BOPSDBEGTbsI2Dx44FAR-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: 6c3b6ae8-b9d1-f860-85b9-78656834f7d8

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10675
Data envio: 08/09/2024 11:14:17.387

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/09/2024 11:14:17

CSV: BOPSDBCGUsfDxf4FAR-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 11:39:52
Nº Rexistro: 10707
Data envio: 09/09/2024 11:39:52.426
Data 09/09/2024 11:39

OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 4323,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"o estado en que está a tramitación do anunciado proxecto tractor consistente en crear un centro de economía circular e a participación que ten nel a Xunta de Galicia, Sogama, Sociedade Impulsa e a Sociedade Recursos de Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria** que ten o seguinte contido:

"O proxecto denominado Centro de economía circular-Xestión de residuos para a súa transformación e valoración xurdiu no seo da Sociedade Impulsa Galicia, instrumento de colaboración público-privada que naceu para responder ao gran reto de transformación do tecido produtivo da Comunidade galega aproveitando a oportunidade dos fondos Next Generation.

De feito, o cometido de Impulsa Galicia é axilizar e facilitar a execución de todas as fases de proxectos industriais estratéxicos susceptibles de ser implantados en Galicia para xerar riqueza e emprego, acompañando aos socios líderes de cada un deles, e incorporándoos ao tecido empresarial galego.

Neste sentido, a actividade principal da sociedade é o impulso e desenvolvemento de proxectos empresariais estratéxicos con capacidade de dinamizar o cambio cara a unha Galicia máis verde e máis dixital. Este impulso lévase a cabo cunha serie de actuacións:

- Identificando oportunidades en Galicia.
- Captando investimentos.
- Conseguindo socios industriais.
- E promovendo a colaboración entre institucións públicas e privadas para acompañar o desenvolvemento dos proxectos.

CSV: BOPSDBCA0890pkK5-0R-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: 9ec49e17-0102-8ec7-3d81-e533dbc5a697

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 09/09/2024 11:39:48

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 11:39:52
Nº Rexistro: 10707
Data envio: 09/09/2024 11:39:52.426

Entre os proxectos identificados, detectouse a posibilidade de desenvolver o dito proxecto, transformando e valorizando residuos, continuándose unha fase de conceptualización por parte das compañías Naturgy, Repsol e Reganosa.

De forma global, en canto á xestión de residuos para toda Galicia, o proxecto non comezou a día de hoxe a súa tramitación. Polo tanto, por parte da Xunta de Galicia, non existe actualmente participación directa no dito proxecto, nin tampouco por parte da Sociedade Impulsa (máis aló da súa participación inicial nas primeiras fases de conceptualización), de SOGAMA ou da sociedade Recursos de Galicia."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPSDBCA0890pkK5-0R-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: 9ec49e17-0102-8ec7-3d81-e533dbc5a697

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 11:39:52
Nº Rexistro: 10707
Data envio: 09/09/2024 11:39:52.426

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2024 11:39:52

CSV: BOPSDBGA-739890-eKT-QR-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10775
Data envio: 10/09/2024 09:09:52.297
Data 10/09/2024 09:09

OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 4389,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **" a situación da oferta e a demanda de solo empresarial nos polígonos da área metropolitana de Ourense, as necesidades de mellora das súas comunicacións por estrada e por ferrocarril, así como sobre as actuacións que estima necesario desenvolver a Xunta de Galicia respecto desta cuestión"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria** que ten o seguinte contido:

"O Parque empresarial de O Pereiro de Aguiar levouse a cabo en distintas fases, rematándose en novembro de 2009 as obras de urbanización da última fase, denominada Polígono 2B. O Polígono 1 conta cunha superficie lucrativa de 164.662 m^2 e foi posto á venda arredor de 1996; o Polígono 2A conta cunha superficie lucrativa de 118.191,58 m^2 e foi posto á venda en xuño de 2005; mentres que o Polígono 2B inclúe unha superficie lucrativa de 82.883 m^2 e púxose á venda en outubro de 2008. O investimento total nas tres fases foi de 12.742.568€.

Na segunda modificación do Plan Sectorial de Ordenación de áreas empresariais de Galicia (en diante, PSOAEG), cuxa aprobación definitiva se produciu o 21/12/2023 (DOG 25/01/2024), inclúese a ampliación de este Parque Empresarial (código 32058014).

A ampliación do parque empresarial de O Pereiro de Aguiar está en marcha, cunha superficie prevista de 235.455 m^2. Con data 17/04/2023 Xestur licitou o servizo de redacción do plan estruturante de ordenación de solo empresarial (PEOSE) e os instrumentos de desenvolvemento e execución. Unha vez aprobada a modificación 2 do PSOAEG, o contrato adxudicouse o 30/01/2024 a Ordenación Territorial, Infraestruturas e Medio Ambiente SL (OTIMA).

Unha vez elaborado o borrador do PEOSE, con data 23/07/2024 solicitouse á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático o inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada.

CSV: BOPSDEC-mrbDWKFcOR-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: 4c06be66-78f6-b6a0-0410-4cebb05324c5

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 10/09/2024 09:09:49

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10775
Data envio: 10/09/2024 09:09:52.297

Por outra banda, Xestur está promovendo a actuación de ampliación de solo empresarial en San Cibrao das Viñas nos terreos da antiga ampliación do Parque Tecnolóxico de Galicia, actuación incluída no PXOM de San Cibrao das Viñas. Con data 30/04/2024 foi aprobada definitivamente a modificación do plan parcial co obxectivo da adaptación ao plan sectorial da rede viaria de Ourense, así como a reordenación do ámbito. O proxecto de urbanización tivo entrada no rexistro do concello de San Cibrao das Viñas con data 02/07/2024 para continuar a súa tramitación no concello.

Por outra parte, a central de transportes e mercancías e intermodal de Ourense foi executada en distintas fases. A fase I foi promovida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS) e a fase II por Xestur. A fase 3 está incluída no PSOAEG, os terreos están adquiridos polo IGVS. A "intermodal" é parte da Cidade do Transporte, aínda que está pendente de desenvolver.

A fase I foi posta á venda en xuño de 2005 (cun segundo concurso, deserto, en outubro de 2007). Na actualidade aplícase unha bonificación do 50% sobre o prezo das parcelas. A recepción da urbanización da primeira fase realizouse en abril de 2007. Non se realizou investimento posterior a abril de 2009. Dende 2015 vendéronse 6 parcelas (54.146 m^2). Están pendentes de venda 2 parcelas de equipamento (23.840 m^2).

Na fase 2 as obras foron recibidas en xuño de 2010 e posta á venda en marzo de 2011, e todas as súas parcelas están vendidas.

O Plan Sectorial vixente da rede viaria de Ourense e a súa área de influencia - aprobado por Acordo do Consello da Xunta de Galicia na data do 10/10/2014- inclúe dentro das súas actuacións a "Conexión Oeste PI San Cibrao", con código C-8, e cuxo trazado correspóndese coa conexión da glorieta G1 do CTMI coa rúa 2 do polígono de San Cibrao das Viñas.

En canto á conectividade coa rede viaria, o acceso principal de acordo coa planificación en materia de estradas do Estado correspóndese coa Rolda Este de Ourense. Foi planificada no Plan Sectorial da rede viaria de Ourense e a súa área de influencia como parte da Ronda Este de Ourense, e o Estado a asumiu na súa propia planificación (PITVI) para a súa execución.

Non obstante, o primeiro treito (A-52 – N-525) desta rolda, que mellorou significativamente o acceso aos parques empresariais, foi executado pola Xunta de Galicia coa obra "Vial de conexión da A-52 co polígono industrial de San Cibrao das Viñas, treito A-52 – N-525", cun investimento de 17.399.271,11 €, e financiamento FEDER 14/20.

Este vial rexistrou un tráfico en 2023 de 2.496 vehículos ao día, cunha alta proporción de vehículos pesados: un 18,6%.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPSDEC-DPSDEC-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: 4c06be66-78f6-b6a0-0410-4cebb05324c5

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10775
Data envio: 10/09/2024 09:09:52.297

A continuidade da Rolda Este foi proposta ao Estado para o seu financiamento con cargo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia dos fondos europeos Next Generation , no marco dunha liña de actuación de "Conexión de polígonos industriais e centros loxísticos coa Rede Transeuropea de Transporte". Esta posibilidade de financiamento foi rexeitada polo Estado. Unha oportunidade perdida, a pesar de ter un encaixe moi claro nos seus obxectivos, ao tratarse da conexión cun polígono industrial e zona loxística coa rede transeuropea de transporte por estrada (A-52). Corresponde por tanto ao Estado, de acordo coa súa planificación, financiar a continuidade desta Rolda Este."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPSDBRCOTpfbDWKFcR-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: 4c06be66-78f6-b6a0-0410-4cebb05324c5

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10775
Data envio: 10/09/2024 09:09:52.297

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/09/2024 9:09:52

CSV: BOPS/DBCGTmfbDWKFcJR-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 11:39:25
Nº Rexistro: 10704
Data envio: 09/09/2024 11:39:25.817
Data 09/09/2024 11:39

OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 9429,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"a escaseza de man de obra contándose por miles as vacantes de emprego en distintos sectores"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración** que ten o seguinte contido:

"***1. Que valoración fai o Goberno galego de que, a pesares do número de desempregados que ten a nosa comunidade, teñamos case 12.000 postos de traballo sen cubrir?***

Segundo os últimos datos dispoñibles (2º trimestre de 2024), había en Galicia un total de 11.962 vacantes nas empresas de 10 ou máis asalariados. No último ano, o número de vacantes descendeu en 3.392, un 22,09% menos. Trátase da segunda baixada interanual consecutiva, onde o descenso deste ano supera ao anterior, que foi de 15,49%. Deste xeito, os últimos dous anos presentan un balance claramente positivo, as vacantes descenderon en Galicia en 6.207.

Un dato especialmente relevante é a constatación da diminución de vacantes que requiren titulación superior STEM (ciencia, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas), descenderon respecto ao ano anterior en 851, supoñendo unha caída relativa do 23,74%, o que sitúa a cifra destas vacantes en 2.733, o 22,85% do total (no mesmo trimestre do ano anterior, a proporción era do 23,34%).

2. Que medidas inmediatas vai adoptar o Goberno galego para corrixir esta disfunción?

Nesta liña enmárcase a **Estratexia Galicia Retorna**, aprobada polo Consello da Xunta de Galicia o 15 de decembro de 2022, que inclúe diferentes medidas destinadas, por un lado, a rexuvenecer a poboación galega e contribuír a superar a crise demográfica que atravesa a nosa comunidade e, por outro, a facilitar o dereito das persoas emigrantes galegas e da súa descendencia a regresar a Galicia.

Outra liña de acción céntrase naquela poboación migrante que xa está en Galicia, pero que se atopa en situación irregular e, para iso, imos continuar co **Programa de Arraigo para a formación** e capitalizar o éxito desta vía que facilitou a regularización de numerosos migrantes en Galicia. A continuidade deste programa permitiralles integrarse formalmente no mercado laboral e contribuír ao desenvolvemento económico da rexión.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPSDEG-DMBVCTR-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: 981bb5c7-1519-0712-4c43-f8c604db2a41

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 09/09/2024 11:39:20

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 11:39:25
Nº Rexistro: 10704
Data envio: 09/09/2024 11:39:25.817

Por iso estamos tamén abrindo vías de colaboración no ámbito da migración laboral, e pendentes das novidades que poidan producirse pola modificación anunciada polo Goberno do Estado ao respecto do proxecto de Real Decreto polo que se aproba o regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

Coas liñas de acción que temos en marcha e xunto coas oportunidades que agardamos poder materializar a través do marco regulamentario estatal e no ámbito das competencias desta comunidade autónoma, agardamos poder contribuír a dar resposta ao reto demográfico que temos e a procurar un desenvolvemento sostible na nosa comunidade autónoma.

3. Como pensa reforzar o Servizo Público de Emprego de Galicia que garanta a necesaria intermediación entre oferta e demanda?

O Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) está a experimentar, nos últimos anos, unha profunda transformación e modernización centrada na atención directa ás persoas demandantes de emprego, especialmente coa posta en marchas das seguintes medidas:

- A creación na relación de postos de traballo da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade de 136 postos de orientación e prospección laboral.
- A instauración do distrito único autonómico, para que todos os galegos e galegas poidan acudir e realizar os seus trámites en calquera das 54 oficinas de Galicia, tanto as persoas demandantes de emprego como as persoas empregadoras.
- A incorporación de ferramentas tecnolóxicas baseadas na intelixencia artificial, e o desenvolvemento de servizos web.

Froito desta modernización do Servizo Público de Emprego de Galicia, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración desenvolveu EMi, emprego intelixente, unha ferramenta tecnolóxica pioneira no estado español e en Europa que combina analítica de datos e intelixencia artificial e permite realizar o perfilado competencial das persoas demandantes de emprego.

A Xunta segue avanzando en 2024 nunha ambiciosa estratexia de modernización a través de:
- Renovación das Oficinas de Emprego. Continuamos investindo en equipamento, realizando obras e adquirindo novas infraestruturas, para o que destinaremos en 2024 un total de 1,7 M€.

CSV: BOPSDEG-DMBVCTR-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: 981bb5c7-1519-0712-4c43-f8c604db2a41

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 11:39:25
Nº Rexistro: 10704
Data envio: 09/09/2024 11:39:25.817

- Seguimos investindo na dixitalización do Servizo Público de Emprego de Galicia, destinando 1,3M€ para a última anualidade do contrato de elaboración da ferramenta informática que permite aplicar a intelixencia artificial e a aprendizaxe automática á xestión das políticas activas de emprego.

- Investimos 5,5M € no reforzo do servizo de orientación laboral e prospección empresarial.

Outra das actuacións que se levan a cabo para casar oferta e demanda é a Axenda Galega de Capacidades para o Emprego:

A Axenda é unha estratexia da Xunta articulada a través dun gran pacto social en Galicia que sitúa as capacidades das persoas no centro da axenda política, mobilizando os recursos públicos e privados para crear e manter unha contorna de aprendizaxe permanente, que permita ás persoas avanzar no desenvolvemento das súas capacidades e ás empresas dispor das ferramentas que necesitan para o seu crecemento e mellora da competitividade. Esta estratexia conta con dous elementos fundamentais nos que radica o óptimo desenvolvemento: apostar polas capacidades das persoas e impulsar a colaboración público-privada.

4. Por que a formación impartida pola Xunta de Galicia na súa maioría non se adecúa ás necesidades do mercado laboral galego?

Actualmente está en fase de tramitación un proxecto de acordo para a contratación mediante un Acordo Marco dun servizo por lotes para a impartición de accións formativas dos graos A, B e C do Sistema de Formación Profesional, mediante a creación dunha rede de centros asociados. Esta rede de centros asociados permitirá ofrecer unha oferta formativa desestacionalizada, ligada ás necesidades das persoas desempregadas e do tecido produtivo. Neste senso salientar que Galicia será a primeira comunidade autónoma que establecerá unha rede de centros especializada en impartir formación en determinadas familias ou áreas profesionais.

5. Pensa o Goberno galego adoptar medidas en relación coa falta de execución orzamentaria?

O orzamento inicial da área de emprego da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade no ano 2023, ascendía a 431.572.106€, cantidade que se incrementou ao longo do exercicio ata os 594.238.195,09€ de crédito vixente executable ao final do exercicio, máis do 30% sobre o inicial.

CSV: BOPSDEG-DMBVCTR-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: 981bb5c7-1519-0712-4c43-f8c604db2a41

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 11:39:25
Nº Rexistro: 10704
Data envio: 09/09/2024 11:39:25.817

Aínda así, o importe dos compromisos de gasto a 31 de decembro, ascendeu a 534.840.000,24€, o que supón unha execución do 90% sobre o crédito vixente.

No primeiro semestre de 2024, a consellería xa ten iniciadas actuacións por un importe total de 467.013.046,28€, o que supón máis do 75% respecto do orzamento vixente executable a esa data, quedando aínda outros 6 meses para rematar o exercicio.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

CSV: BOPSDBOG-DWBBVKT8R-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: 981bb5c7-1519-0712-4c43-f8c604db2a41

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 11:39:25
Nº Rexistro: 10704
Data envio: 09/09/2024 11:39:25.817

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2024 11:39:25

CSV: BOPGDOCS-DWBDWGT3QR-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 10754
Data envio: 09/09/2024 15:36:50.691
Data 09/09/2024 15:36

OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 9435,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"a situación da xuventude galega no mercado laboral e as medidas previstas pola Xunta de Galicia para incidir na fenda salarial, no desemprego e na emigración nesta franxa de idade."**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración** que ten o seguinte contido:

"**4.** ***Pensa o Goberno adoptar medidas que eliminen esta fenda salarial insostible?***

Neste ano 2024, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración está a traballar no deseño e definición dun *Plan estratéxico de emprego para a mocidade* que, no eido das políticas activas de emprego, atenderá ao especial papel protagonista que ten a poboación moza cara a súa interacción co mercado laboral, de cara a potenciar os esforzos no impulso da súa participación nas súas distintas perspectivas que o compoñen.

5. ***En relación a que o 26,6% dos mozos e mozas traballan a tempo parcial, case 13 puntos por enriba do conxunto de idades, que medidas está a adoptar a Xunta de Galicia?***

Tal e como se ten asumido por parta da Xunta de Galicia no deseño do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, a poboación moza é unha das principais prioridades dentro da nosa comunidade autónoma, no ámbito do desenvolvemento social en xeral, así como da inserción activa no mercado laboral en particular.

CSV: BOPSDBC34mpBvjs-OR-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: 7c16c7f8-a564-1ab4-ce08-27a495bebef2

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 09/09/2024 15:36:42

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 10754
Data envio: 09/09/2024 15:36:50.691

Así o poñen de manifesto os distintos obxectivos estratéxicos do dito Plan, entre os que se destacan dous:

- OE 1.1.1. *Mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas ou inactivas, especialmente entre a poboación xuvenil e aquelas con maiores dificultades de acceso ao mercado laboral, por medio da adquisición de experiencia profesional, da formación e da orientación, fomentando a igualdade de oportunidade*.

- OE 1.2.2. *Mellorar a calidade de vida da xuventude galega, mellorando as súas competencias e capacidades, incrementando o seu benestar e impulsando a participación e o voluntariado*.

6. *Que medidas pensa adoptar para diminuír outro dos indicadores máis devastadores do mercado laboral galego que é a taxa de paro xuvenil, que se sitúa no 18,1%?*

Tendo presente o compromiso e o reto que supón incidir no marco estratéxico das medidas e políticas a desenvolver, un colectivo que conta cuns niveis moi altos de recursos educativos e de coñecemento, así como de interacción coas tecnoloxías da información e os contidos dixitais de especial valor de cara ao futuro, a Xunta de Galicia seguirá impulsando medidas para:

- Consolidar o emprego estable e de calidade entre os galegos e galegas de menos de 30 anos sen experiencia laboral.

- Axudar ao tecido empresarial galego a gañar en competitividade ao dispoñer de persoas traballadoras máis axustadas ás súas necesidades.

- Contribuír a fixar poboación xuvenil nas vilas e cidades de Galicia.

CSV: BOPSDEC-mf8Evvj5-OR-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: 7c16c7f8-a564-1ab4-ce08-27a495bebef2

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 10754
Data envio: 09/09/2024 15:36:50.691

7. Como valora a Xunta de Galicia que a nosa comunidade rexistre a cuarta menor taxa de actividade no Estado entre a súa poboación máis nova e que solucións artella para mudar esta situación?

DATOS PARO REXISTRADO MENORES 30 ANOS (*mes de agosto*)

Agosto 2021	Agosto 2022	Agosto 2023	Agosto 2024
17.184	15.981	13.310	12.553

Os datos de desemprego entre a xente moza amosan resultados positivos nos últimos anos, reducíndose o número de persoas mozas desempregadas de maneira continuada desde o ano 2021".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPSDEC-371-09-09-24-OR-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: 7c16c7f8-a564-1ab4-ce08-27a495bebef2

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 10754
Data envio: 09/09/2024 15:36:50.691

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2024 15:36:50

CSV: BOPSDBC34mgBvg5-QR-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 10831
Data envio: 10/09/2024 14:54:27.338
Data 10/09/2024 14:54

OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 9907,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta , e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"o nivel de eficacia das políticas de emprego seguidas pola Xunta de Galicia, a súa eventual reorientación e a análise do grao de execución orzamentaria nesta materia nos últimos quince anos "**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración** que ten o seguinte contido:

"A evolución da poboación activa está relacionada co declive da natalidade, polo tanto, co envellecemento que se está a vivir na nosa comunidade.

O índice de envellecemento en Galicia no ano 2023 é de 218,09 (datos INE), o segundo máis alto de España, por detrás de Asturias, e supera en 80,76 puntos a media nacional. En consecuencia, resulta evidente a desvantaxe comparativa que se produce na nosa comunidade.

A pesar deste condicionante, os datos da EPA do 2º trimestre de 2024 reflicten una evolución positiva para Galicia no relativo a ocupación. No último ano a ocupación aumentou en 3.900 persoas, un 0,34% máis, con este incremento a ocupación acada a cifra de 1.135.600 ocupados, manténdose por riba do millón de traballadores, a cifra máis alta nun 2º trimestre dende 2009 (2009T2. 1.152.900).

<u>Taxa de emprego de 16 a 64 anos</u>

Se para evitar esas desvantaxes demográficas nos centramos na poboación de 16 a 64 anos, que é onde se concentra a inmensa maioría dos traballadores, observamos que a taxa de emprego en Galicia incrementouse no ano 2023 en 1,42 puntos con respecto ao ano 2008; concretamente pasou do 65,43% ao 66,85%. En España esta subida foi inferior, do 1,07 puntos pero, ademais, a taxa de ocupación no Estado no 2023 acadou o 66,51%, é dicir, é inferior á galega.

CSV: BOPSDEG-0ugBaK7OR-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: ebcda130-3632-f7d9-0ea8-d3c40ac08dc8

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 10/09/2024 14:54:18

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 10831
Data envio: 10/09/2024 14:54:27.338

En canto ás mulleres ocupadas, tamén constatamos melloras na taxa de ocupación das mulleres de entre 16 e 64 anos, e tamén Galicia conta con mellores cifras que o conxunto do Estado, a taxa de ocupación nas mulleres galegas situouse no 2023 no 63,75%, dous puntos por riba da estatal (61,72%), e respecto á evolución dende o ano 2008, mentres en Galicia medraba en 6,28 puntos no Estado o facía en 5,52 puntos.

Por outra banda, A cifra de mulleres ocupadas (544.600) no 2º trimestre de 2024 representa o 47,96% do total de ocupados EPA en Galicia. Se comparamos este dato con España, vemos que Galicia conta cunha proporción maior de mulleres ocupadas que a media estatal (Galicia: 47,96%; España: 46,53%).

No referido aos asalariados, Galicia rexistra un incremento anual nos 2º trimestres dos asalariados dende o ano 2014, só interrompido no 2º trimestre do 2020 polo efecto da COVID, deste xeito; o aumento dos asalariados dende o 2º trimestre de 2014 foi de 154.600 persoas, un 20,12% máis. Con este resultado Galicia acada no 2º trimestre de 2024 un total de 923.000 asalariados, a cifra máis alta nun 2º trimestre dende o ano 2007 (2ºT2007: 928.000).

O número de **FOGARES CON TODOS OS ACTIVOS PARADOS** descende no último ano en 3.600 (un 7,68% menos). Con este descenso situámonos no 2º trimestre de 2024 en 43.300 unidades, a cifra máis baixa de toda a serie histórica (IGE: T3 2009). Se comparamos o peso deste tipo de vivendas con España, vemos que Galicia, no que respecta aos fogares con todos os activos parados, conta cunha proporción menor deste tipo de fogares, así mentres na nosa comunidade supoñen o 3,85% no conxunto estatal esta porcentaxe é de 4,46%.

No último trimestre, os desempregados de longa duración descenderon en 2.700 persoas, un 6,26% menos, deste xeito, a cifra de parados de longa duración suma 40.400 persoas (o que nos sitúa moi lonxe da cifra record de parados de longa duración na nosa comunidade, que foi no 1º trimestre de 2014 con 154.400 desempregados de longa duración), o que supón o 33,72% do total de parados galegos. A consecuencia deste retroceso é que a taxa de paro de longa duración sitúase no 3,2%; a cifra máis baixa de toda a serie histórica (datos dende o 3ºT de 2009).

CSV: BOPSDEG-17ngBaK5VOR-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: ebcda130-3632-f7d9-0ea8-d3c40ac08dc8

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 10831
Data envio: 10/09/2024 14:54:27.338

Polo tanto, as políticas de emprego implantadas están a dar resultados positivos, polo que o Goberno galego seguirá a incidir nas políticas activas, actualmente postas en marcha. A maiores, destacar que a execución orzamentaria da área de Emprego foi, no ano 2023, do 89,7%.".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

CSV: BOPSDEG-Ctnp8ux5VQR-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: ebcda130-3632-f7d9-0ea8-d3c40ac08dc8

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 10831
Data envio: 10/09/2024 14:54:27.338

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/09/2024 14:54:26

CSV: BOPGDE-DOCS-OTGPDOCS-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10773
Data envio: 10/09/2024 09:09:31.594
Data 10/09/2024 09:09

OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 9979,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Lara Méndez López, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **" o eventual incremento do orzamento da convocatoria de axudas coñecidas como Bono Remuda para o fomento do cambio xeracional no pequeno comercio"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración** que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración seguirá apostando polo apoio á remuda xeracional, buscando consolidar a medida implantada neste ano, no vindeiro exercicio 2025.

Con data 4 de setembro e a falta de dous meses para o remate do prazo de presentación de solicitudes, o orzamento previsto na Orde de axudas amósase suficiente para atender a totalidade das solicitudes que concorren á axuda".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPSDEGVmq0ZAfcR-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: a84a6500-a341-8340-1879-13356474f3f9

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 10/09/2024 09:09:22

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10773
Data envio: 10/09/2024 09:09:31.594

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/09/2024 9:09:30

CSV: BOPISDBDGVFqM2D0Q4fr0R-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

CSV: BOPGDSPG-Tm9DvKFQR-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-Tm9DvKFQR-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/